

# Son+d2

Proposta Concerto Didáctico





UN GRELO NO PELO  
UN PELO NO CALDO  
NEN CALO NEN FALO  
NEN DEIXO FALAR

UN GRELO NO PELO  
UN PELO NO CALDO  
AGORA ESTOU CALVO  
DE TANTO PENSAR...

AI, AI, QUE FRÍO QUE FAI  
EU SOÑABA CO CALDO QUE COMO  
EU SOÑABA CO CAFÉ  
QUE TRÁIA UN MAIORDOMO

AI, AI, QUE FRÍO QUE FAI  
EU SOÑABA CO CALDO QUE COMO  
EU SOÑABA CON HAWAI  
TAN QUENTIÑO NO MEU SONO

PSS, PSS, RAPÁS, RAPÁS  
PSS, PSS, RAPÁS, RAPÁS  
NON ME DESPERTES AVOA  
DÉIXAME UNS MINUTOS MÁS

PSS, PSS, RAPÁS, RAPÁS  
PSS, PSS, RAPÁS, RAPÁS  
NON ME DESPERTES AVOA  
DÉIXAME UNS MINUTOS MÁS

QUE FAS CON UN GRELO  
METIDO NO PELO?  
CUN GRELO QUE FAS  
NO PELO RAPÁS?

QUE FAS CON UN GRELO  
METIDO NO PELO?  
CUN GRELO QUE FAS  
NO PELO RAPÁS?  
UN GRELO NO PELO  
UN PELO NO CALDO  
NEN CALO NEN FALO  
NEN DEIXO FALAR

UN GRELO NO PELO  
UN PELO NO CALDO  
AGORA ESTOU CALVO  
DE TANTO PENSAR...

QUE FAS CON UN GRELO  
METIDO NO PELO?  
CUN GRELO QUE FAS  
NO PELO RAPÁS?

QUE FAS CON UN GRELO  
METIDO NO PELO?  
CUN GRELO QUE FAS  
NO PELO RAPÁS?

## Índice

Presentación Son+d2 e Concerto Didáctico .....	2
Obxectivos do concerto e obxectivos educativos da Guía Didáctica.....	3
Bloques de Actividades e Marco teórico .....	4
<b>ANEXOS .....</b>	<b>10</b>
› Glosario de termos .....	10
› Guía de Recursos para os diferentes estilos musicais .....	10
› Letra : Rapás, Rapás... de Xoán Curiel .....	11

## Presentación Son+d2 e o noso Concerto Didáctico

Son+d2 somos un trío acústico no que unha guitarra, dúas voces e a percusión (pandeireta, tamboril, tumbadoras, bongós, caixón, pandeiro, bendhir...) mistúranse dun xeito tradicional e experimental.

Ofrecemos a posibilidade de facer un **concerto didáctico** para achegar os nenos e as nenas ó mundo da música e da creatividade, amosándolle dun xeito interactivo os diferentes instrumentos e ritmos do mundo, con cancións en directo e tamén xogos participativos.

O noso trío, que interpreta cancións propias en lingua galega e tamén algunha versión doutras músicas tradicionais galegas e doutras partes do mundo, procura, a través da fusión de ritmos e estilos, a apertura de novos camiños creativos.

## Letra : Rapás, rapás... de Xoán Curiel

MOI CEDO A MIÑA AVOA  
MATABA AS HORAS MORTAS  
RECOLLENDO AS PATACAS  
E OS GRELIÑOS QUE HAI NA HORTA

ERAN HORAS DE DURMIR  
AS GALIÑAS XA SOÑABAN  
PERO A AVOA TRABALLABA  
NESAS HORAS CO FRÍO QUE FAI

AI, AI, QUE FRÍO QUE FAI  
EU SOÑABA CO CALDO QUE COMO  
EU SOÑABA CO CAFÉ  
QUE TRAÍA UN MAIORDOMO

AI, AI, QUE FRÍO QUE FAI  
EU SOÑABA CO CALDO QUE COMO  
EU SOÑABA CON HAWAI  
TAN QUENTIÑO NO MEU SONO

MOI CEDO A MIÑA AVOA  
MATABA AS HORAS MORTAS  
RECOLLENDO AS PATACAS  
E OS GRELIÑOS QUE HAI NA HORTA

ERAN HORAS DE DURMIR  
AS GALIÑAS XA SOÑABAN  
PERO A AVOA TRABALLABA  
NESAS HORAS CO FRÍO QUE FAI

AI, AI, QUE FRÍO QUE FAI  
EU SOÑABA CO CALDO QUE COMO  
EU SOÑABA CO CAFÉ  
QUE TRAÍA UN MAIORDOMO

AI, AI, QUE FRÍO QUE FAI  
EU SOÑABA CO CALDO QUE COMO  
EU SOÑABA CON HAWAI  
TAN QUENTIÑO NO MEU SONO

PSS, PSS, RAPÁS, RAPÁS  
PSS, PSS, RAPÁS, RAPÁS  
NON ME DESPERTES AVOA  
DÉIXAME UNS MINUTOS MÁS

PSS, PSS, RAPÁS, RAPÁS  
PSS, PSS, RAPÁS, RAPÁS  
NON ME DESPERTES AVOA  
DÉIXAME UNS MINUTOS MÁS

QUE FAS CON UN GRELO  
METIDO NO PELO?  
CUN GRELO QUE FAS  
NO PELO RAPÁS?

QUE FAS CON UN GRELO  
METIDO NO PELO?  
CUN GRELO QUE FAS  
NO PELO RAPÁS?

## ANEXOS A TRABALLAR

Buscar a definición dos seguintes termos:

Ritmo:

Melodía:

Percusión:

Diapasón:

Trastes:

Ferreña:

**Guía de cancións para os diferentes estilos musicais:**

Blues\_ Rapás, rapás... (Xoán Curiel)

Jazz\_ Summer time (Ella Fitzgerald\_Louis Armstrong)

Reagge\_ Stir it up (Bob Marley)

Bossa nova\_ Garota de Ipanema (Antonio Carlos Jobim-Vinicius de Moraes)

Matsum\_ A Chía (Xoán Curiel)

Bulería\_ La leyenda del tiempo (Camarón)

Martillo\_ Chan chan (Buena Vista Social Club)

Merengue\_ Ojalá que llueva café (Juan Luis Guerra)

Muiñeira\_ Muiñeira de Chantada (Tradicional)

Pasodoble\_ A saia da Carolina (Tradicional)

Xota\_ Xota para Ourense (Iván Costa)

Rumba\_ Penas con Rumba (Estopa e Melendi)

## Obxectivos educativos do concerto e da Guía Didáctica

### OBXECTIVO XERAL

Mostrar aos rapaces e rapazas os diferentes instrumentos contando a súa historia particular e facelos participar nun concerto-xogo interactivo para que disfruten da música e coñezan as diferentes músicas do mundo.

✓ Compartir unha experiencia musical cos compañeiros e compañeiras.

✓ Recoñecer os estilos musicais como diferentes formas de comunicarnos e apreciar a capacidade de expresión artística dos mesmos.

✓ Crear un espazo lúdico e educativo, no que a música sexa un elemento de xogo e aprendizaxe.

✓ Coñecer a evolución da música popular e intercultural e a súa presenza na actualidade.

✓ Coñecer diferentes instrumentos, a súa orixe e algunas indicacións para tocalos.

✓ Reforzar o gusto pola música e a súa historia.

✓ Escoitar cancións de distintos estilos contextualizándoas, a través de contar a súa historia.

✓ Explicar diferentes estilos da música, a partir da análise de diferentes elementos da música: melodía, ritmo, forma, improvisación, armonía...

✓ Estimular a creatividade dos menores facéndoos conscientes da diversidade de recursos musicais que temos as persoas e o noso contorno.

✓ Ver a música como un medio de coñecemento e enriquecemento da nosa lingua e cultura.

✓ Recoñecer a música como unha ferramenta para a mellora das relacións entre as persoas.

## Bloques de Actividades e Marco teórico

### BLOQUE 1- Instrumentos musicais

#### Actividades

1\_ Dos seguintes instrumentos, cales aparecen no concerto?

Saxo	Tamboril
Guitarra española	Bongós
Pandeiro	Baixo
Trompeta	Caixón
Derbouka	Maracas
Piano	Tumbadoras

2\_ Cal é o modo no que se toca a pandeireta en Galicia? Que tipo de instrumento é?

3\_ Con que se tocan fundamentalmente os instrumentos de percusión?

4\_ Indicade cal destes materiais non se emprega para facer percusión:

Plástico	Metal
Madeira	Auga
Vidro	Corpo humano
Pel	Tella

## Marco teórico

Mediante unha serie coordinada de improvisacións, de menor a maior dificultade, o alumno ábrese ó feito escénico, a estar enriba dun escenario xogando coa música, as palabras e a creación espontánea.

Non é importante o que se di nin a calidad das melodías que saen, senón o propio feito de **atreverse a xogar** ante un numeroso público.

Para isto, falámoslles da nosa propia experiencia cunha linguaxe **cercana e aberta**. Invitámoslos a **cantar, a participar** saia o que saia e pase o que pase.

Se traballamos con adolescentes, facemos un duelo (similar aos clásicos duelos de galos do hip-hop) para ter unha **maior atención** pola súa parte; neste duelo, o público decidirá quen gaña... Realmente o obxectivo non é que haxa gañadores ou perdedores, senón ter un pretexto para **implicarse mais no xogo**.

A percusión corporal é un elemento moi chamativo para o alumnado para provocar a súa **apertura á improvisación** dende as butacas. Outro elemento de interacción dende a escea é a  **implicación do público** nos coros das cancións.

Ó utilizar o **teatro e o xogo** como fío condutor do concerto, tentamos provocar un **efecto contaxio** para que o alumnado participe con **maior liberdade**.

### BLOQUE 3 - Instrumentos musicais

#### Actividades

1\_ Xogando coa vosa voz, facede as seguintes repeticións onomatopeicas poñéndolle un ritmo:

Guachiminí guachiminí

Racatú rácatu

Tércota tercota

Pitiriflú pitiriflu

2\_ Como fai Son+d2 creade un hip-hop completando as seguintes frases.

Esta “**uña**” é de Coruña.

Este/a ..... é de Lugo.

Este/a ..... é de Pontevedra.

Este/a ..... é de Ourense.

3\_ Agora probade a facer catro versos e crear o voso propio hip-hop.

4\_ Unha vez que teñades feita a letra facede grupos musicais de catro persoas e cantade o voso hip-hop.

### Marco teórico

**Guitarra Española ou Guitarra Clásica:** Instrumento de corda pulsada, cunha caixa de madeira, un mástil sobre o que vai adosado o diapasón ou trasteiro cun buraco acústico no centro da tapa e seis cordas. Sobre o diapasón van incrustados os trastes, que permiten as diferentes notas. Pode ter pastillas ou micrófonos internos para amplificar o seu son.

**Pandeireta:** Instrumento de percusión formado por un ou dous aros superpostos de madeira, provistos de “ferreñas” ou ariños de ferro e cuberto nun dos seus cantos con pel. Tócase cos dedos ou con toda a man. Galicia é o único lugar do mundo onde tocamos este instrumento sosténdoo e movéndoo coa man dereita (quen sexa destro).

**Tamboril:** O tamboril é un instrumento de percusión cilíndrico, percutido con baqueta, típico da Península Ibérica. Similar a un tambo, pero cunha caixa más estreita e alongada. Composto de madeira ou metal e parches de pel.

**Tumbadoras ou congás:** Instrumento de percusión cubano. Golpéase soamente coas mans. O seu parche orixinalmente estaba feito de pel, pero actualmente fabrícase con

plástico, o que o faí máis resistente e modifícallle sensiblemente o timbre.

**Derbouka:** É un instrumento de percusión de orixe árabe con forma de copa. Orixinalmente usábase greda, madeira ou metal para armar a caixa de resonancia e pel de cabra ou de peixe para o parche; na actualidade é común o uso de fibra de vidro ou fundición de aluminio para a caixa e plástico para o parche. Tócase cos dedos e a palma da man.

**Bongós:** Instrumento orixinario de Cuba, chamado de percusión menor; composto por dous tambores de madeira cun parche cada un, cunha diferenza de altura entre eles. Os tambores son de forma cónica e execútanse cos golpes das palmas da man, dedos ou con baquetas.

**Caixón:** Instrumento de cedro ou caoba de orixe peruana, popularizado en todo o mundo grazas ó jazz moderno, ó novo flamenco e á música afro-latino-caribeña.

**Cascabeis:** Son esferas metálicas ocas cunha pequena abertura, dentro da cal hai outra esferiña de menor tamaño. Teñen un buraco que permite a resonancia.

## BLOQUE 2 - Instrumentos musicais

### Actividades

1\_ Relaciona os seguintes estilos de música coa súa orixe xeográfica.

Blues	Cuba
Jazz	EE. UU
Reagge	República Dominicana
Bossa nova	España
Matsum	Brasil
Bulería	Galicia
Martillo	Jamaica
Hip-Hop	Cuba
Merengue	Exipto
Muiñeira	EE.UU
Pasodoble	Este da Península Ibérica
Xota	Sur de España
Rumba	Nova Iorque

2\_ Que outros estilos musicais coñeces ademais dos presentados na pregunta anterior? Explica tamén, se sabes, a súa orixe.

## Marco teórico

**Blues:** Xénero musical orixinario de Estados Unidos. Influiu na música popular estadounidense e occidental, chegando a formar parte do jazz, rock and roll, funk, heavy metal, hip-hop, pop...

**Jazz:** Xénero musical nacido a finais do século XIX (ao igual que o Blues) en Estados Unidos. O jazz caracterízase pola súa capacidade de mesturarse con outros xéneros e crear novos estilos musicais, como o rock and roll.

**Reagge:** Xénero musical de orixe xamaicana. Cun estilo rítmico caracterizado por ir a contratempo. Un dos artistas más coñecidos do xénero é Bob Marley.

**Bossa Nova:** Xénero musical de orixe brasileira que surdiu a finais dos anos cincuenta. Tócase cunha guitarra con cordas de nailon coa que se fai o baixo e suxire de forma íntima un ritmo.

**Muiñeira:** Estilo de danza e música popular de Galicia, León e Asturias. Provén da danza que se bailaba nos muíños mentres esperaban a moenda. O ritmo é un 6/8 e a orixe está no ruído da roda do muíño.

**Pasodoble:** Marcha lixeira de 2/4 ou 6/8 de orixe española, adoptada como paso da infantería e usado tamén na tonadilla escénica.

**Xota:** O seu nome ven do latín, e logo do

mozárabe (saltare – sawta – xota). Din que naceu en Valencia. Trátase dun ritmo 3/4 e o contido das cancións é popular.

**Rumba:** Estilo de raíz africana creado en Cuba. Ten influído na Conga, no Mambo, no Chachachá e a música flamenca.

**Maksum:** O Maksum é o ritmo máis popular na música árabe. É un 4/4 e provén dos países árabes, principalmente de Exipto.

**Bulería:** É un “palo” festivo e alegre do flamenco más típico de Xerez da Fronteira. Distínguese polo seu ritmo e redobrado compás, aberto ó “jaleo” e ás palmas.

**Martillo:** Patrón elemental da música tradicional cubana. É un compás de 4/4 e ten un aire de medio galope como o dun cabalo.

**Merengue:** Estilo musical e de baile festivo orixinario da República Dominicana a finais do século XIX. Ten elementos con orixe de África Occidental e Europa.

**Hip-Hop:** O hip-hop é un movemento musical e artístico que surdiu en Estados Unidos a finais dos anos 60 nas comunidades afroamericanas e latinoamericanas de barrios populares neiorquinos como Bronx, Queens e Brooklyn.